



Uxío Novoneyra

Son Uxío



Xente de Catabois e das Mariñas:

Vivide comigo o Courel e a Galiza, a palabra e o idioma, o silencio e os sons, os amigos e a familia, a voz da terra que aprendín a escoitar desde os comezos de 1930 en Parada de Moreda ao abrir os ollos e aprender de meus pais, palabra a palabra, o idioma, a lingua que algúns seguen a querer aniquilar.

Foi no Courel onde vivín os primeiros quince anos; logo Lugo, o bacharelato e a poesía que agroma en min, o exame estatal e marchar a Madrid para estudar Filosofía e Letras naqueles anos escuros da *longa noite de pedra*. Canta literatura universal lin na Biblioteca Nacional!

Con vinte e dous anos o servizo militar, o mundo das ordes, pero tamén o do reencontro co amigo-poeta da Terra Chá, meu querido Manuel María, e Otero, e Maside... Seguiron anos de repouso: a pleuresía que me retivo nos eidos familiares, co agarimo de meus pais, de amigos e da miña María Mariño. Década de soños e creatividade.

Era o ano 62 cando deixei o lar e

volvín a terras madrileñas para traballar en radio e televisión, en programas relacionados coa poesía. Alí colaborei co grupo Brais Pinto. Mais a miña imaxe de bardo grande e rexo abateuse coa enfermidade de meus pais, e sen dubidalo, retornei para a casa en 1966. Con moita rabia e tristura afrontei tamén a enfermidade incurable de María, o seu derradeiro libro, os poemas que ela me ía dando e que eu lle tecleaba.

Nos 70, e en só dous anos, primeiro fôiseme o pai e logo a nai, sorte que tiña a miña querida Elva, que desde o ano 73 e para todos os días foi a compañeira. E chegaron Branca, Uxío e Arturo, e para eles

debullei o tesouro das palabras do Courel, para que nunca se apaguen, como tampouco se apaga a miña voz, que segue soando forte e nidia, aínda que o corpo ficase en Lugo no final de outubro de 1999.

Certamente, amigos das Mariñas e de Catabois, hai voces que se xuntarán ás vosas no apoio á lingua, -Rosalía, María Mariño, Cunqueiro.... e tantas que: A FORZA

OBRA

- Os eidos*, Galaxia, Vigo 1955. Poemas escritos en 1952 e principios 53.
- Elexías do Courel e outros poemas*, Madrid 1966. Reeditado : *Tempo de elexía*, Vía Láctea, 1991.
- Os eidos-2*, Galaxia, Vigo 1974. Inclúe a *Letanía de Galicia*, daquela xa célebre.
- Poemas caligráficos*, Brais Pinto, Madrid 1979. Poemas xa publicados, manuscritos polo autor.
- Os eidos. Libro do Courel*, Xerais, Vigo 1981. Reúne *Os eidos* de 1955 e *Os eidos-2*, e incorpora algúns outros posteriores a 1974. É a edición definitiva do seu libro central.
- Muller pra lonxe*, Dep. Provincial de Lugo, 1986. Poemas de amor con caligrafías do autor.
- Do Courel a Compostela*, Sotelo Blanco, Santiago 1988. Poemas de diversas épocas e procedencias, dispersos ou doutros libros, con caligrafías do autor. Inclúe: *Vietnam Canto* e a *Letanía de Galicia*.
- Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*, Espiral Maior, A Coruña 1994.
- Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, Hércules de Ediciones, A Coruña 1998. Publicou tamén tres libros narrativos para nenos: *O cubil de Xabarán* (1990), *Gorgorín e Cabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarán* (1997).

Aciñeira:

“Ise aciño
deu a madeira dos mangos
das fauces que o chapodaron”



Carballo:

“neva na tara fraguiza
neva nos outos carballos
i en todos os arburallos”

Cerdeira

Bidueira:

“SOUTO sin folla!
Cerdeiras roxas e bidueiras marelas!”



Pan

Erba:

“Eu no meu
cada un no seu
teña pan teña leña
teña erba pros bois
e despois
Veña o que veña:
É o prego
do labrego”



O Courel na voz de Uxío



Nogueiras Freixos:

“MOREDA das morodellas!
Nogueiras freixos da Barxa!
A Boca do Couto! As augas
i a Devesa da Rogueira!”

Arandeira:

“Todas as tardes traguía
gargantillas de amorodos
i arandos que eu collía.
En chegar comíaos todos”



Centeo:

“CARA Monforte de Lemos
montes con mendos de pan”

Uz:


“Ildara de Romeor
olla e cala pro ucedo
á raia do solpor”



A ponte entre o pasado e o futuro

Á súa filla Branca Petra:

“No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.
No mesmiño
bicarelo do bico do brelo”



BRANCA Uxío i Arturo
quedaranse no Futuro
quedaredes no Futuro
pre que siga o Pasado
e ti Galicia a durar
Anque se funda o lousado
e caia a neve no lar.
Anque se funda o lousado
e se descubra o faiado.
No coarto en que fun nado
e no mesmo leito ha nevar.



Uxío na voz dos poetas



Manuel María

Sospeitamos, intuímos aprendemos que
xente, terra e fala son patria:
patrimonio común que nós herdamos...

Marilar Aleixandre



4
levanta as saias,
vento nordés,
ispe os adxectivos.

II
onde súa
o resío


canta
na luz

o xílgaro
de Uxío



Xavier Seoane

Cando na incerteza
Na enumerazón caótica
Reunidas as palabras que compoñen o discurso
Os caracteres van-se formando.



Carlos Oroza

III
Ti
es
Uxío
a lira do Vento
no País que eu amo.



Xosé Leira



Rosa Enríquez



Luz Pozo

para abrazar a vida
a Galicia en silencio
para beber amor nun grolo de luz viva
en presente purísimo

BAILAS E FAISME LIBRE
E eu enredo cos teus versos
Para reclamar unha patria aberta (...)

Uxío para os novos poetas



X.L. Méndez Ferrín

Tal como levo referido,
Coñecín Mozo Grande
cando eramos de pedra e lume.
Tán enxel, Mozo Grande.

Salvador García-Bodaño



Un vello soñador que non apousa,
velaí o Novoneyra do Courel
que fixo máis fermosa a nosa historia

Aos novos poetas galegos

Pídenme que lles diga algo aos novos poetas galegos. Pedireilles que NUNCA EMPEÑEN A SÚA PALABRA. Os poetas han de ser libres i estar máis alá de toda fidelidade proposta. E xa que ninguén resiste estar sempre nela, han de estar polo menos en disposición de ir ou de tornar á FRONTEIRA onde se fai o home novo. Il aparece eilí onde fallan as palabras e hai que mover todo o idioma para obrígallo. A Poesía é UN MENESTER DE FRONTEIRA. Mais prá FRONTEIRA sólo se parte dende as terras interiores seguras da tradición viva, dise xeito que nunca está nos tradicionais.

Uxío

UXÍO ENTRE NÓS

POEMA DOS CANEIROS

Betanzos

1955

MANDEO inorde ó son da noite.
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i
a noite.
Sobor das barcas:
as mulleres! o viño! as viandas!
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i
a noite.
Comemos e bebemos pra ledicia.
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i
a noite.
O viño i as viandas érguenme á lua chea.
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i
a noite.
Cando o viño roxo que non perde a coor no
cor
xa non abundaba a nosa sede
chegámol'os beizos a vasos máis fondos.
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i
a noite.

Roteiros pola figura de
Uxío e da súa obra:

ALBO, Francisco. *Unha xeografía poética.*

ALONSO, Fran. *Folerpas de Novoneyra*

BLANCO GARCÍA, Carmen. *Uxío Novoneyra: poesía, terra e compromiso.*

GRAÑA, Bernardino. *Uxío Novoneyra.*

GARCÍA, Xosé Lois. *Uxío Novoneyra: Revisitado.*

LÓPEZ, Antonia. *Emoción e angustia.*

MARIÑO DAVILA, Esperanza. *“Diccionario” Uxío Novoneyra.*

MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos Paulo. *Da palabra á (ca)ligráfica en Uxío Novoneyra: influencias interculturais e afluencias plástico-escriturais.*

NOVO, Olga. *Uxío Novoneyra: lingua loaira.*

SANDE, Miguel. *Poeta pai.*

UXÍO Novoneyra: *Día das Letras Galegas 2010.* Departamento de Filoloxía Galega; USC.

A AMADOR REI RODRÍGUEZ
E
DANIEL NIEBLA GARCÍA

Ferrol / mañá

10 □□□□□ 1972

ERGUÉSTESVOS cedo aquel
día



Uxío na rede

<http://www.uxionovoneyra.com/>

<http://www.diadasletrasgalegas.com/>

<http://www.realacademiagalega.com/>

<http://www.aelg.org/>

<http://www.seminariogalan.org/>

<http://bvg.udc.es/>

<http://www.coordinadoraendl.org/letras2010/uxio.php>

<http://www.librospdf.net/Ux%C3%ADo-Novoneyra/1/>

Blogue con poemas da nosa literatura musicados :

<http://sondepoetas.blogspot.com/2010/01/vai-polo-monte-o-camino-uxio-novoneyra.html>



Buscade algúnha destas obras na nosa biblioteca.
Catálogos en:

<http://bibliotecamarinas.blogspot.com/>

<http://cataboisbiblio.blogspot.com/>